



**COLEGIO PP. ESCOLAPIOS  
MONFORTE DE LEMOS**

**EDUQATIA**




ISO 9001

0105/05

ACREDITADO POR **ENAC**

# PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

<b>ELABORADO POR:</b>  E.D.E.	<b>REVISADO POR:</b>  COMUNIDAD EDUCATIVA	<b>APROBADO POR:</b>   CONSEJO ESCOLAR
<b>FECHA: 21 03 - 2006</b>	<b>FECHA: 23 - 03 - 2006</b>	<b>FECHA: 28-03-06</b>
<p>Este documento es propiedad del Colegio PP. ESCOLAPIOS quien se reserva el derecho de solicitar su devolución cuando así se estime oportuno. No se permite hacer copia parcial o total del mismo, así como mostrarlo a empresas o particulares sin la expresa autorización por escrito de la Dirección del centro.</p>		

C/ Compañía 50 - 27400 Monforte de Lemos - Tfn:982400450, Fax: 982410003  
[dir.mon3@escolapios.es](mailto:dir.mon3@escolapios.es) - [www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)

## **0. HISTORIA DO COLEXIO.**

O Centro atópase situado nun edificio emblemático da cidade, que mandara construír o Cardeal D. Rodrigo de Castro para que fose utilizado como centro de ensino, uso no que se mantén dende a chegada dos Xesuítas en 1593 ata os nosos días

Dende a expulsión dos Xesuítas en 1767 ata 1873 foi utilizado por un colectivo formado por un grupo de cregos seculares e algúns catedráticos laicos, que fan uso do “Método de ensinanza ou Instrucción de Mestres”. Dito método era o empregado polas Escolas Pías da Corte, así como os libros de texto que compuxeran, e que utilizaban os PP. das Escolas Pías porque, que, naquel tempo, eran considerados os mellores de España.

En 1873 toman posesión do Centro os PP. Escolapios sendo D. Jacobo Luis Fitz-James Stuart, XIX Conde de Lemos, o responsable de dita chegada.

Durante a primeira década do século XX era o único centro de ensino co que contaba a comarca de Lemos. Ao seu internado acudían alumnos de outras rexións de Galicia e de provincias limítrofes.

O Centro, no correr do tempo, foise adaptando ás novas necesidades da sociedade facéndose mixto e deixa o internado no 1985. No ano 2003 toda a comunidade educativa comezou a traballar nun sistema de xestión da calidade que culminou en xuño de 2005 coa obtención do certificado de calidade pola empresa EDUQATIA, que é a única empresa acreditada en certificar exclusivamente centros de ensinanza.

Hoxe en día, segue servindo á sociedade de Monforte e comarca, que na actualidade goza dun nivel socioeconómico medio-baixo.

# **1. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR.** **¿ONDE ESTAMOS?.**

## **1.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.**

NOME: **COLEXIO PP. ESCOLAPIOS.**  
CÓDIGO: **27007223**  
ENTIDADE TITULAR: **ESCUELAS PÍAS DE ESPAÑA. TERCERA DEMARCACIÓN.**  
DOMICILIO: **CAMPO DA COMPAÑÍA, 50**  
CONCELLO: **MONFORTE DE LEMOS.**  
PROVINCIA: **LUGO.**  
TLF: **982400450** FAX: **982410003**  
CORREO ELECTRÓNICO: [dir.mon3@escolapios.es](mailto:dir.mon3@escolapios.es)  
PÁXINA WEB: [www.escolapiosmonforte.com](http://www.escolapiosmonforte.com)  
ENSINANZAS QUE ABARCA: **INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA**  
NUMERO DE UNIDADES AUTORIZADAS: **5, 12 E 8**  
HORARIO XERAL DO CENTRO: **De 8:30 h. a 19:30 h.**  
SITUACIÓN XURÍDICA: **Centro privado concertado**

## **1.2. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS.**

O edificio, aínda que antigo, consérvase bastante ben e está ben acondicionado para a ensinanza. As aulas son suficientemente amplas e están distribuídas da seguinte forma:

EDUCACIÓN PRIMARIA (Á SUR), cos seguintes servizos: 12 aulas de educación primaria e 1 de educación infantil, 1 de idiomas, 1 de música, 1 sala de Psicomotricidade, 1 laboratorio, 1 salón de actos con capacidade para 220 persoas, 1 sala de profesores, 1 gabinete de orientación, 1 oratorio, 1 sala de informática, 2 despachos para departamentos e unha xefatura de estudos.

EDUCACIÓN SECUNDARIA (Á NORTE), cos seguintes servizos: ascensor, 8 aulas, 1 aula de tecnoloxía, 1 laboratorio, 1 sala de informática, 1 salas de música, 2 aulas de idiomas, 1 aula de educación plástica e visual, 1 aula destinada a agrupamentos específicos, 1 sala de profesores, 5 despachos dedicados a administración e servizos.

EDUCACIÓN INFANTIL (Á NORTE) situado no claustro principal con 3 aulas.

SERVIZOS COMÚNS: Bar, biblioteca, cociña, comedor, xerencia, secretaría, conserxería, sala de visitas, Igrexa monumental cunha pinacoteca con dous cadros do Greco e 5 de Andrea del Sarto. Conta tamén con amplos locais para actividades extraescolares como música, debuxo, danza galega, ximnasia rítmica e kung-fu. Como instalacións deportivas ten un pavillón polideportivo Ten ademáis tres campos de fútbol regulamentarios, unha pista de fútbol sala dúas de voleibol e unha de baloncesto. Tamén conta con dous patios interiores, con zonas cubertas e un xardín con randeeira e material diverso para os cativos máis pequenos.

No que respecta ó material didáctico é suficiente e renovase e completase anualmente.

### **1.3. OFERTAS EDUCATIVAS.**

No centro ofrécense ademáis das ensinanzas reguladas as seguintes innovacións pedagóxicas:

1. Proxecto de anticipación da 1ª lingua estranxeira en segundo ciclo de educación infantil e primeiro ciclo de primaria.
2. Ofertas de optativas na E.S.O.:
  - \* Francés en toda a E.S.O.
  - \* Música no 2º ciclo da E.S.O.
  - \* Educación Plástica e Visual no 2º ciclo da E.S.O.
  - \* Física e Química no 2º ciclo da E.S.O.
  - \* Tecnoloxía no 2º ciclo da E.S.O.
  - \* Cultura Clásica no 2º ciclo da ESO.
  - \* Bioloxía e Xeoloxía no 2º ciclo da ESO.
3. Plan de desenvolvemento da intelixencia.
4. No que respecta a actividades complementarias:
  - \* Intercambios internacionais.
  - \* Sidas culturais.
  - \* Obradoiros didácticos.
  - \* Representacións teatrais.
5. No que respecta a actividades de servizos:
  - \* Comedor, gardería en infantil e 1º ciclo de primaria a partir das 9:00 e Biblioteca.
6. No que respecta a actividades extraescolares:
  - \* Actividades deportivas: Fútbol sala, baloncesto, voley, atletismo, badminton, Kung-Fu, Ping pong e Iniciación o deporte.
  - \* Actividades culturais e novas tecnoloxías: Xadrez, pintura, Danza galega, Inglés conversacional, Manualidades e informática.

### **1.4. DESCRIPCIÓN DO ENTORNO.**

O noso Colexio está situado no centro urbano de Monforte de Lemos, e a súa poboación oscila arredor de 20.000 habitantes, incluíndo os núcleos rurais, pertencentes ó Concello.

A cidade de Monforte conta cunha Biblioteca Municipal, unha Casa da Cultura onde se ofrece todo tipo de actividades culturais, multiusos, Conservatorios de música, centro comarcal, escola de idiomas, museo de arte sacro, Hospital comarcal, Escola de

capacitación agraria, pista de atletismo, 1 piscina cuberta, pistas de tenis, 1 campo de golf, e 1 de tiro, 1 centro de educación especial, 1 centro de saúde, 1 centro de drogodependencia e planificación familiar, estación de ferrocarril e autobús, residencia da terceira idade, polígono industrial y 3 parroquias.

Existen en Monforte asociacións culturais-recreativas de carácter privado nas que se ofrecen cursos para asociados e non asociados de inglés, pintura, solfeo, piano, etc.

Con todos estes recursos culturais podería parecer que Monforte é unha cidade ben dotada para a cultura, pero analizando profunda e friamente a situación dámonos conta que todos estes servizos están infrautilizados, é dicir, que o interese e a asistencia ós diferentes actos culturais que se ofertan é escasa. Máis ben estamos convencidos que hai moi poucas inquedanzas culturais e que predomina a chamada cultura televisiva.

Nas personas maiores o nivel medio de estudos é o de estudos primarios e a xente máis nova o de bacharelato, cun número importante de universitarios e que maioritariamente abandonan a cidade na busca de mellores perspectivas de traballo.

## **1.5. ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICO DAS FAMILIAS.**

Monforte é unha cidade de servizos. É cabeza dunha bisbarra que está sufrindo unha importante crise económica.

As familias dos nosos alumnos pertencen, na súa maioría ó sector de servizos (banca, comercio, empregados, etc.). Ó sector secundario pertencen moi poucas, debido fundamentalmente a que na nosa cidade a industria está pouco desenvolvida e por viviren a maioría ó núcleo urbano, pertencen ó sector primario moi poucos.

Por todo o anterior cremos que as familias dos nosos alumnos están dentro dunha clase social media e media-baixa.

## **1.6. DIAGNÓSTICO SOCIO-CULTURAL DAS FAMILIAS.**

As familias, ó pertencer na súa gran maioría, á cidade de Monforte, teñen unhas características socio-culturais moi semellantes ás descritas ao falar do entorno.

Un 36% aproximadamente conta con estudos primarios e un 44% estudos medios, sendo 20% con estudos universitarios.

Os pais dos nosos alumnos dos cursos máis baixos, en xeral, preocupáanse pola educación que reciben os seus fillos no Colexio. A medida que avanzan nos cursos decatámonos de a maior inquedanza dos pais é polos resultados académicos dos seus fillos desentendéndose cada vez máis polos outros aspectos educativos.

## **1.7. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.**

Os alumnos residen, polo xeral, preto do Colexio, polo que non precisan transporte escolar. Non obstante, aínda que viven nun medio urbano, non obstante, a pesares de estar en contacto co medio rura, sen embargo non coñecen o entorno.

Un número moi reducido de alumnos, que non chega ao 4%, viven en Concellos dos arredores. A estes alumnos achéganos ata o Colexio as súas familias e comen no comedor escolar, xunto con outros alumnos, que por motivos familiares, vense na obriga de utilizar este servizo. En total, son uns 65 alumnos.

## **1.8. PROXECCIÓN DO CENTRO NO ENTORNO.**

A proxección do noso Centro no entorno é grande, xa que ten unha arraigada tradición educativa. Unha grande parte dos nosos alumnos son fillos e netos de antigos alumnos do Colexio.

O Colexio colabora coa Igrexa local, máis que nada no aspecto pastoral, preparando a grupos de nenos para recibir a Primeira Comunión e con grupos de xóvenes en actividades de pastoral xuvenil.

No aspecto deportivo no Colexio hai unha Agrupación Deportiva, legalmente constituída, a través da cal participamos nos programas da Xunta de Galicia de Deporte en idade escolar. Tamén, en íntima relación co Colexio e empregando as súas instalacións, hai o Club Polideportivo Calasancio que promove o fútbol base nas categorías de infantil, cadete e xuvenil con nenos e xóvenes, non só do Colexio, senón de toda a cidade de Monforte e demais Concellos da bisbarra.

No aspecto cultural no Colexio hai unha Asociación cultural, legalmente constituída, a través da que pretendemos organizar actividades ó longo do curso para coñecer mellor o entorno.

A nosa colaboración co concello consiste na cesión das instalacións deportivas 2 días á semana para a escola de fútbol e permitimos que a súa oficina de información e turismo xestione as visitas culturais da oferta artística do centro, todo elo sen ningún tipo de contraprestación económica.

Respecto a nosa colaboración con outras entidades privadas temos que destacar o aluguer dos nosos locais ao conservatorio privado de música "ADAGIO"

## **2. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE DO CENTRO.** **¿QUEN SOMOS?.**

### **2.1. ELEMENTOS PERSONAIS.**

O Colexio conta dos seguintes elementos personais:

2.1.1. Un representante da titularidade que é Escolapio e ao mesmo tempo profesor a tempo completo.

2.1.1. Un Director Académico, que ao mesmo tempo é profesor a tempo parcial.

2.1.2. Un Secretario que tamén é profesor a tempo completo.

2.1.3. Xefe de estudos.

2.1.4. Coordinador Xeral de infantil e primaria.

2.1.5. Un xerente.

2.1.6. Dez profesores a tempo parcial.

2.1.7. Catro profesoras de Educación Infantil para os alumnos de tres, catro e cinco anos.

2.1.8. Vinteseite profesores con xornada completa.

2.1.9. Un porteiro, dúas persoas da limpeza para aulas de primaria a tempo completo e tres para as aulas de secundaria a tempo parcial.

Polo que respecta á titulación, hai:

- a) Vinteun profesores/as Diplomados en E.X.B. ou Mestres/as de E. Primaria.
- b) Dezaseis Licenciados/as.

Por idades, hai:

- a) 1 profesor de menos de 25 anos.
- b) 9 profesores/as entre 25 e 35 anos.
- c) 14 profesores/as entre 36 e 45 anos.
- d) 5 profesores entre 46 e 55 anos.
- e) 8 profesores con 56 ou mais anos.

O centro organiza cursos de actualización e perfeccionamento ó longo do curso abordando aspectos pedagóxico e o humano-relixioso.

## **2.2. TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.**

### **2.2.1. IDENTIDADE DA ESCOLA CALASANCIA.**

#### **TALANTE CALASANCIO**

- Educación integral que une a cultura á dimensión trascendente: PIEDADE E LETRAS
- Respeito e aceptación sinxela da persoa como medio para o desenvolvemento da felicidade do neno.
- Colaboración na reforma e transformación da sociedade a través da mesma dinámica da escola.
- Preferencia polas clases populares e fundamentalmente polos máis necesitados e marxinados.
- Clima de sinxeleza e achegamento, para facilitar a educación preventiva.
- Innovación didáctica: harmonía entre aprendizaxe e investigación.

#### **ESCOLA ABERTA**

- Educación dende e para a vida.
- Educación pluralista e non discriminatoria para paliar as diferencias sociais.
- Escola que facilita o discernimento dos valores –o ben, a verdade, a xustiza, a solidariedade, a paz, a non violencia- para asimilalos e practicalos.
- Integración dos valores do medio onde se ubica a escola, sobre todo os que fan referencia ó grupo da orixe e pertencencia.
- Educación non autoritaria dende a participación na Comunidade Educativa.

#### **ESCOLA CRISTIÁ DE IGREXA.**

- Lugar de igrexa onde se posibilita o desenvolvemento da mensaxe cristiá e da vida sacramental.
- Valoración dos sacramentos con forma de crecemento persoal e cristián, dentro do proceso de evanxelización.
- Cultiva a devoción á Nai de Deus, como prototipo do crente cristián.
- Propón a imitación de San José de Calasanz, quen soubo dar respostas dende a fe ás necesidades do seu tempo.

### **2.2.2. A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA. LIÑA METODOLÓXICA.**

1. Unha metodoloxía aberta e flexible, tendo en conta o entorno, que sexa de utilidade para os alumnos con maiores carencias.

2. Unha educación personalizada, destacando a singularidade e a creatividade dos alumnos.

3. Que poña o alicerce nos procedementos e actitudes, non só nos contidos.

4. A educación como búsqueda dunha formación integral máis aló da aula.

5. Que realiza avaliacións periódicas dos proxectos curriculares e promove a autoavaliación como estímulo e orientación no proceso educativo.



### **2.2.3. A COMUNIDADE EDUCATIVA. CLIMA ESCOLAR.**

Fundaméntase nos seguintes aspectos:

1. Unha comunidade educativa cristiá e calasancia na que todos os seus membros se integran en harmonía, poñendo en común ilusións, obxectivos e realizacións.
2. O quefacer da Comunidade Educativa basease na responsabilidade compartida e na participación ordenada nos órganos de goberno.
3. O profesor como "COOPERADOR DA VERDADE" e que vai máis aló da simple transmisión de coñecementos.
4. O alumno é o centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa.
5. Corresponsabilidade da familia cos obxectivos e criterios educativos do Centro.

### **2.2.4. VALORES E ACTITUDES QUE ORIENTAN A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA.**

1. Concepto cristián do home.
2. Compromiso coa sociedade.
3. Educación para a paz, a xustiza, a solidariedade e o respecto aos demais, a sí mesmo e ó medio.
4. Responsabilidade, sentido do deber e do traballo.
5. Educación para a liberdade.
6. Educación para espírito crítico.

## **2.3. LINGUA DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE.**

A cidade de Monforte é unha cidade galega bastante castelanizada. Cremos que isto se debe a diversas causas, e non facilmente explicables.

a) A presión social e política en épocas pasadas para utilizar como lingua de comunicación a lingua castelá e non a lingua galega, facendo que ésta caese en desuso ata hai pouco en que se comezou a potenciar.

b) A ubicación xeográfica de Monforte, como porta natural a Castela.

c) A influencia do camiño de ferro, que en épocas pasadas trouxo á nosa cidade a moitas familias de fala castelá.

O Colexio cumpre a lexislación vixente relativa ó uso das linguas Galega e Castelá no ensino.

Algúns profesores usan indistintamente o galego e o castelán na súa ensinanza e comunicación cos alumnos.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.** **¿QUE PRETENDEMOS?.**

#### **3.1. FINS E PRINCIPIOS DA EDUCACIÓN.**

O Colexio apoia, defende e promove os fins e principios do Sistema Educativo Español, configurados de acordo cos principios e valores da Constitución e asentados na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo e nas leis de desenvolvemento da LODE (LOPEG, LOXSE, LOCE e LOE) reguladora do dereito á educación.

#### **ESTES FINS SON:**

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- b) A formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos da convivencia.
- c) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- d) A orientación para a futura elección de actividades profesionais.
- e) A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España.
- f) A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- g) A educación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- h) Crear e fomentar actitudes de saúde e conservación do medio ambiente.

A actividade educativa desenvolverase atendendo aos seguintes

#### **PRINCIPIOS:**

- a) A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
- b) A participación e colaboración das familias e titores para contribuir á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- c) A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento de todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas e formas de pensar.
- d) O desenvolvemento das capacidades creativas e de espírito crítico e responsable.
- e) O fomento dos hábitos de comportamento democrático.

f) A autonomía pedagóxica do Centro, dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.

g) A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e vocacional.

h) A participación activa do alumno no seu propio proceso de aprendizaxe no marco dunha metodoloxía constructivista.

i) A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, do Centro docente e dos diversos elementos do sistema.

l) A relación co entorno social, económico e cultural.

m) A formación no respecto e defensa do medio ambiente.

### **3.2. POLÍTICA EDUCATIVA E DE CALIDADE DO CENTRO.**

As liñas educativas do centro para os vindeiros 3 anos son:

#### **QUEREMOS:**

- Unha escola de calidade na que os cativos, dentro das súas posibilidades, saian formados académica e humanamente e que poidan sobresaír polos seus valores de respecto, responsabilidade, solidariedade, sentido democrático, cristián e crítico da persoa.
- Reducir o fracaso escolar.
- Unha implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos en coordinación cos educadores.
- Que os nosos alumnos se sintan orgullosos de pertencer a este Centro.
- Lograr un nivel óptimo de satisfacción no alumnado, tanto a nivel académico como persoal.
- Conseguir que, unha vez rematada a súa etapa escolar, a maior parte dos alumnos, continúen vinculados ao Centro en algunha actividade.
- Lograr unha boa escola con talante calasancio de axuda aos máis necesitados.

#### **ASPIRAMOS** a que nos perciban como un centro que ofrece:

- Atención personalizada tanto aos alumnos como ás familias.
- Boa preparación académica e humana.
- Unha organización eficaz.
- Actividades culturais tales como: intercambios, concertos, retiros, saídas á natureza, todo iso como reforzo á súa preparación académica e humana.
- Un profesorado actualizado.
- Actividades deportivas e extraescolares como complemento educativo e unha alternativa de saúde e lecer.
- Un centro adaptado ás novas tecnoloxías.
- Redución do fracaso escolar.

**ESPERAMOS** que nos vexan como un punto de referencia na oferta educativa da comarca dándonos para elo unha marxe dun trienio. Que as familias sexan quen de ver o Colexio como un centro formador.

Ademáis das liñas educativas o CENTRO establece como obxectivos básicos e iniciais da súa Política de Calidade a orientación cara a:

- O cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios aplicables á actividade educativa.
- A satisfacción permanente das necesidades, demandas e expectativas dos alumnos e pais do CENTRO.
- Mellora Continua

### 3.3. OBXECTIVOS A NIVEL DA APRENDIZAXE.

Definimos estes obxectivos xerais como capacidades e destrezas que intentamos potenciar no noso alumnado.

	<b>CAPACIDADES</b>	<b>DESTREZAS</b>
COGNITIVAS 1	RAZOAMENTO LÓXICO	1. OBSERVAR 2. RELACIONAR 3. DIFERENCIAR 4. CLASIFICAR 5. COMPARAR 6. COMPROBAR
COGNITIVAS 2	SINTETIZAR	1. INTERPRETAR 2. SELECCIONAR 3. SUBLIÑAR 4. XERARQUIZAR 5. RESUMIR 6. ESQUEMATIZAR
COGNITIVA 3	MEMORIZAR	1. SUBLIÑAR. 2. SINTETIZAR. 3. ESQUEMATIZAR. 4. ASOCIAR. 5. RETER.
PSICOMOTORAS	ORIENTACIÓN ESPACIO-TEMPORAL	1. OBSERVAR 2. DOMINAR O ESQUEMA CORPORAL 3. RELACIONAR 4. SECUENCIAR 5. SITUAR(SE) 6. COORDINAR

	<b>CAPACIDADES</b>	<b>DESTREZAS</b>
AFECTIVAS	VALORAR(SE)	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. COÑECER(SE)</li> <li>2. ACEPTAR(SE)</li> <li>3. RESPECTAR(SE)</li> <li>4. TOLERAR</li> <li>5. APRECIAR(SE)</li> <li>6. AVALIAR(SE)</li> </ol>
DE COMUNICACIÓN	EXPRESIÓN ORAL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. ESCOITAR</li> <li>2. COMPRENDER</li> <li>3. VOCALIZAR</li> <li>4. IMPROVISAR</li> <li>5. DESENVOLVER</li> <li>6. RELATAR</li> </ol>
DE COMUNICACIÓN	EXPRESIÓN ESCRITA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. COMPRENDER</li> <li>2. REDACTAR</li> <li>3. LER</li> <li>4. ORDEAR</li> <li>5. PLANIFICAR</li> <li>6. OBSERVAR</li> <li>7. COPIAR</li> </ol>
DE INSERCIÓN SOCIAL	PARTICIPAR	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. COÑECER O MEDIO</li> <li>2. DIALOGAR</li> <li>3. SER CRÍTICO</li> <li>4. SENSIBILIZARSE</li> <li>5. COMPROMETERSE</li> <li>6. COOPERAR</li> </ol>

### **3.4. TRATAMENTO DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.**

Séguense as seguintes accións:

- a) Reforzos educativos
- b) Apoios dentro e fóra da aula.
- c) Creación de hábitos de traballo.
- d) Atención individualizada.
- e) Técnicas de estudo.
- f) Contacto coas familias.
- g) Agrupamentos específicos.
- H) Apoios dunha especialista en audición e linguaxe.

### **3.5. RELACIÓN PROFESOR-ALUMNO.**

Consideramos ó alumno:

- a) Como o centro da tarefa educativa.
- b) Como suxeito e protagonista da súa propia formación.
- c) Como participante activo na comunidade educativa.

Dende aquí esforzámonos en crear un ambiente de cercanía aos alumnos que favoreza o diálogo directo cos seus profesores, no que manifesten as súas opinións, inquedanzas e intereses.

Favorecemos un clima de alegría, liberdade, creatividade e respecto que os leve ao asociacionismo, participación en movementos xuvenís e a unha vinculación futura co Centro.

Cada clase ten un profesor-titor, que é o responsable máis directo de velar pola conducta deses alumnos e polo cumprimento dos seus deberes escolares, ademais de manter un contacto frecuente cos pais de familia, coa fin de informalos non só da marcha escolar dos alumnos, senón tamén principalmente dos obxectivos e criterios educativos do Centro.

### **3.6 PARTICIPACIÓN DOS PAIS NO PROCESO EDUCATIVO.**

Información sobre o rendemento escolar a través de boletíns de notas.

Reunións xeral de inicio de curso para informar dos obxectivos e presentación do ideario, normas de convivencia, regulamento de réxime interior, calendario escolar e datas de avaliación, etc... E outras dúas durante o curso para entregar os informes académicos en decembro e marzo.

Entrevistas individualizadas dos titores con todas as familias como mínimo unha vez no curso e outra ao final de curso para entregar as notas finais.

Reunións de información psicopedagóxica.

Reunións de orientación vocacional.

Reunións extraordinarias para abordar problemas específicos.

### **3.7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

Estas normas atópanse no Regulamento de Réxime Interior que foi aprobado o 6 de outubro de 1.998 polo Consello Escolar e claustro de profesores e modificado o 7 de xuño de 2005.

Tamén hai unhas normas máis concretas de funcionamento que foron elaboradas polos profesores, en E.P. e ESO e para iso contouse coa colaboración dos alumnos. Révisanse cada ano ao comezo do curso e coméntanse nas titorías.

### **3.8. CRITERIOS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Nas actividades extraescolares o Director á hora de propoñelas e o Consello Escolar, á hora de aprobalas, guíanse polos seguintes criterios:

- a) Deberán ser actividades formativas.
- b) Deberán ser actividades non curriculares.
- c) Deberán ter un carácter voluntario.
- d) Non poden ter carácter lucrativo.
- e) Non poden ser discriminatorias.



## **4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.** **¿COMO NOS ORGANIZAMOS?.**

O que facer da Comunidade Educativa baséase na responsabilidade compartida e na participación ordeada nos órganos de goberno.

O colexio considérase como unha única entidade educativa que busca a educación integral dos seus alumnos, tanto no académico como no extraacadémico, no humano como no relixioso e que inicia a súa acción dende a Educación Infantil ata a Educación Secundaria.

A organización do noso Colexio debemos facela como conxunto, posibilitando o desenvolvemento do noso Proxecto Educativo, analizando e avaliando a consecución de todos os obxectivos que aparecen nel.

A forma de traballo baséase nun sistema de xestión da calidade propio, certificado conforme a norma UNE-EN-ISO 9001: 2000 para o alcance que se detalla a continuación:

“ENSINO REGULADO NOS NIVEIS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO), EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.


ACCIÓN PASTORAL CONFORME AO CARÁCTER PROPIO DEFINIDO NA MISIÓN: TALANTE CALASANCIO, ESCOLA INCLUSIVA E ESCOLA CRISTIÁ DE IGREXA”.

Este certificado foi expedido pola empresa EDUQATIA Investigación e Certificación e é revisado en cada curso escolar ata dúas veces.

Esta forma de traballo baséase no ciclo de mellora continua (Programación, Execución, Avaliación e Revisión) e está definida nos manuais que están ó dispor de toda a comunidade educativa.

A estrutura creada para o noso Colexio e recollida no Regulamento de Réxime Interior é como figura no seguinte organigrama:

## 4.1. ORGANIGRAMA.



## 4.2. ORGANOS DE GOBERNO

### 4.2.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

- O Representante da titularidade: é o máximo responsable do Colexio. Representa e exerce as funcións da Entidade Titular do Centro:
- O Director Xeral: nomeado polo Titular entre os Directores Académicos. É o responsable de organizar a marcha xeral do Centro e de dar pulo ó desenvolvemento dos seus proxectos, garantindo a coherencia entre o Carácter Propio e o Proxecto Educativo.
- Coordinadores Académicos: dous (de Infantil- Primaria (CIP) e de Secundaria (CESO)). Responsables do funcionamento e da organización educativa da súa etapa no referente a alumnos, profesores, familias, e todo o personal relacionado co seu nivel académico.
- Coordinador do Equipo de Normalización Lingüístico: Responsable da programación e revisión das actividades relativas á política lingüística do centro.
- Coordinador de Ciclo: Responsables do funcionamento e da organización educativa do seu ciclo no referente a alumnos, profesores, familias, e todo o persoal relacionado co seu nivel académico.
- Coordinador de Pastoral: é o educador responsable da formación relixiosa e acción pastoral do Centro.
- Coordinador do Departamento de Orientación: é o educador encargado de asesorar a alumnos, profesores e dirección académica nos aspectos psicolóxicos, pedagóxicos, didácticos, académicos e profesionais.
- Coordinador de Acción Social: é o educador responsable de coordinar e dinamizar a Educación para a Acción Social dos alumnos no Centro.
- O Xerente administrador: é o responsable da xestión económica e dos aspectos xurídico-laborais do Centro.
- Coordinador da Calidade: é o responsable de todos os temas relacionados co Sistema de Xestión de Calidade.

#### 4.2.2. ÓRGANOS COLEXIADOS:

- Equipo Directivo: integrado polos órganos unipersoais. É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión, e avaliación da dinámica escolar do Centro, nos seus aspectos educativos, organizativos e económicos.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica: Integrado polos coordinadores de ciclo, directores pedagóxicos e xefe de estudo. É o máximo órgano de planificación, animación, control supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.
- Consello Escolar: formado polo Director Xeral, o Titular, dous representantes do Titular, catro representantes de profesores, catro representantes de pais, dous representantes de alumnos e un representante de administración e servizos. É o máximo órgano de participación de toda a Comunidade Educativa.
- Claustro de Profesores: é o órgano de participación activa de todos os profesores que forman parte do Centro.
- Departamento de Pastoral: grupo de educadores que elaboran e coordinan a acción evanxelizadora e pastoral de todo o Centro.
- Departamento de Acción Social: grupo de educadores que dinamizan e coordinan a Educación para a Acción Social do Centro.
- Departamento de Orientación: orientadores e grupo de profesores que asesoran e coordinan o proceso persoal de orientación dos alumnos e o traballo dos profesores.
- Equipo de Normalización Lingüística: Membros da comunidade educativa segundo marca a legislación, que programa e revisa as accións relativas á política lingüística do centro.
- Seminarios Didácticos: son o conxunto de profesores dunha rama de saber e da docencia, que se organizan para elaborar programacións e metodoloxías didácticas, criterios de avaliación e impulsar a súa renovación pedagóxica como profesionais.
- Equipos de titores: son os responsables do grupo de alumnos a eles confiados. Conxunto de profesores do mesmo nivel que se encargan de levar a cabo de forma coordinada o Plan de Acción Titorial e en educación primaria coordinar a acción docente ademais.
- Equipo de ciclos de educación primaria: son o conxunto de profesores dun ciclo de educación primaria, que se organizan para elaborar programacións e metodoloxías didácticas, criterios de avaliación e impulsar a súa renovación pedagóxica como profesionais ademais de levar a cabo de forma coordinada o Plan de Acción Titorial.

### **4.2.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN ESCOLAR:**

Contribúen de maneira imprescindible á boa marcha do Centro:

- A secretaria: é a responsable da xestión documental e administrativa do Centro.
- O conserxe: é a persoa que se encarga das tarefas complementarias do Colexio.
- Coordinador de Deportes: é o responsable que programa e desenvolve a actividade deportiva do Centro.

### **4.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.**

#### **4.3.1. O CLAUSTRO DE PROFESORES:**

Está dividido nos seguintes Equipos Docentes:

##### EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

Formado por todos os profesores que imparten docencia nesta etapa.

¿QUE FACEMOS?

Programar, executar e avaliar a acción docente, titorial e a atención a pais que se fai nesta etapa.

¿COMO O FACEMOS?

Temos como mínimo unha reunión mensual.

Dividímonos en catro grupos segundo os ciclos que conforman esta etapa (Infantil, 1º, 2º e 3º ciclo), cada ciclo está formado polos tiores dos cursos correspondentes e reúnen unha hora á semana en horario lectivo.

##### EDUCACIÓN SECUNDARIA:

Formado por todos os profesores que imparten docencia nesta etapa mais o orientador académico.

¿QUE FACEMOS?

Programar, executar e avaliar a acción docente, titorial e a atención a pais que se fai nesta etapa.

¿COMO O FACEMOS?

Temos, como mínimo, dúas reunións mensuais.

Dividímonos nos seguintes seminarios didácticos:  
LINGUAS  
IDIOMAS  
CIENCIAS, MATEMÁTICAS E TECNOLOXÍA.  
HUMANIDADES  
ERE  
Estes ten reunións periódicas durante o mes.

### **4.3.2. DEPARTAMENTOS ESCOLARES**

#### **4.3.2.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

¿QUE PRETENDEMOS?

1. Coñecer ós alumnos persoal e grupalmente.
2. Analizar e modificar conductas grupais e individuais.
3. Crear un clima de confianza e comunicación na clase, entre os alumnos e cos profesores.
4. Favorecer que a clase sexa un lugar de traballo.
5. Crear e posibilitar hábitos de estudo aos alumnos.
6. Traballar cos pais, intercambiando información e colaboración para favorecer o desenvolvemento persoal e escolar dos seus fillos.
7. Elaborar un plan de acción para alumnos/as con necesidades educativas especiais.
8. Dar a coñecer aos alumnos a súa realidade afectivo-sexual.
9. Potenciar o plan de apoio aos alumnos con necesidades específicas.
10. Traballar en coordinación co departamento de Acción Social.
11. Proporcionar información para concienciar aos alumnos da importancia que ten a saúde para un desenvolvemento integral da persoa.
12. Implicar ao alumnado dentro do Departamento de Acción Social.
13. Dar a coñecer aos alumnos todas as posibilidades de futuro tras a saída do noso centro (Orientación vocacional).

¿COMO O FACEMOS?

1. Proporcionar material didáctico para dinámicas de grupo enfocadas ó coñecemento persoal e grupal do alumnado.
2. Elaboración de unha carpeta individualizadas na que terá toda a información do alumno: ficha, entrevistas cos pais, xustificantes de notas...
3. Entrevistas personais e grupais cos pais.
4. Implantación dun programa de educación sexual.
5. Realización de un programa de desenvolvemento da intelixencia.
6. Visitas culturais ao entorno de Monforte.
7. Realización de apoios dentro e fóra da aula.
8. Elaboración de adaptacións curriculares.
9. Técnicas de estudo.
10. Implantación da hora de tutoría en primaria.

#### **4.3.2.2. DEPARTAMENTO DE ACCIÓN SOCIAL.**

¿QUE FACEMOS?

1. Introducir e consolidar no P.E.C. a educación para a xustiza, paz e solidariedade coa fin de facilitar a súa aplicación práctica.
2. Analizar a realidade do noso entorno. Traballar na acción social dentro do mesmo.
3. Traballar de forma coordinada os departamentos de maneira que o compromiso sexa eixe transversal.
4. Formar persoas críticas comprometidas co progreso, a xustiza e a paz; potenciando as accións acordes á idade e madurez dos alumnos mentres cursan estudos no centro.
5. Avaliar, revisar e perfeccionar periódicamente o proxecto de acción social.
6. Ser o máis fieis posibles á opción calasanziana dos máis desfavorecidos.
7. Implicar ao profesorado nas actividades de D.A.S.
8. Abrir o centro ás necesidades do entorno.

#### ¿COMO O FACEMOS?

1. Charlas.
2. Lecturas e comentarios de textos.
3. Xogos cooperativos.
4. Coloquios e debates.
5. Xogos de rol.
6. Proxeccións de vídeos.
7. Murais e debuxos.
8. Testemuños directos.
9. Dinámicas de grupos.
10. Representacións teatrais.

### **4.3.2.3. DEPARTAMENTO DE PASTORAL E E.R.E.**

#### ¿QUE PRETENDEMOS?

1. Potenciar as celebracións cos alumnos/as, tanto na preparación coma na realización
2. Fomentar a participación nas campañas de solidariedade.
3. Coordinar todas as programacións de E.R.E.
4. Coordinar as actividades programadas e as persoas encargadas.
5. Coordinar o desenvolvemento dos eixos trasversais ó longo do curso.
6. Mellorar o funcionamento do equipo local de pastoral.
7. Lograr uns equipos estables de catequistas, primeira comunión e Amanecer.
8. Conseguir unha formación sistemática dos axentes de pastoral.

#### ¿COMO O FACEMOS?

1. Celebracións:
2. \*Comezo do curso.
3. \*Festa de S. Xosé de Calasanz.
4. \*Mércores de Cinza.
5. \*Festa de María.
6. \*Fin de curso.
7. Oración Contínua.
8. Preparación ó Sacramento da Reconciliación e da Eucaristía.

9. Grupos Xuvenís:Amanecer e Camiñando.
10. Grupos Cristiáns Calasancios.
11. Realización de campañas: Kilo e Xoguete (Campaña de Nadal), Campaña contra a fame (operación bocata), Amigos de Guinea.
12. Celebración de retiros cos alumnos/as de 4º de ESO.
13. Representacións teatrais.

#### **4.3.2.4. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

O ENL constitúese segundo as normas establecidas, co obxectivo de coordinar, planificar e promover actividades encamiñadas a conseguir o uso do galego dentro do centro, e tamén para incidir na comunidade educativa con actividades que fomenten o uso normal da lingua galega.

##### **¿QUE PRETENDEMOS?**

1. Crear un ambiente axeitado para que a lingua galega sexa un medio de expresión cotián.
2. Conseguir unha progresiva presenza do galego como lingua vehicular nas áreas do currículo.
3. Desenvolver nos alumnos a capacidade de comunicación oral e escrita de forma coherente e axeitada, dándolle á lingua unha dimensión funcional.
4. Asegurar que o alumnado acade unha boa competencia lingüística na nosa lingua.
5. Superar as actitudes negativas cara ó uso do galego.
6. Que a comunidade educativa valore o feito de posuír unha lingua propia como unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar.

##### **¿COMO O FACEMOS?**

1. Impartiránse en galego, como mínimo, as asignaturas de Lingua e Literatura Galega, Coñecemento do Medio e Formación Relixiosa en Educación Primaria (2º y 3º ciclo); Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Lingua e Literatura Galega en Educación Secundaria. Ademais adicaranse á Lingua Galega unha hora semanal en Educación Infantil realízanse actividades en lingua galega: Adiviñas, cancións, refráns. Trabállase un cadernillo de fichas ó redor da cultura galega (principias festas do ano).
2. Fomentar a colaboración interdisciplinar para a realización de actividades en galego.
3. Colaborar co profesorado dos distintos departamentos na supervisión da lingua dos materiais de apoio.
4. Facilitar ós distintos departamentos información sobre o material publicado en galego.
5. As comunicacións ás familias faranse en galego.
6. Programar saídas no entorno cultural que se aproveitarán para coñecer mellor o feito cultural galego.
7. Fomento da lectura.
8. Aumentar a dotación de libros da biblioteca a través do orzamento do colexio e das axudas da Consellería para o ENL.
9. Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.



10. Participar en certames literarios organizados pola Consellería, o Concello, outros colexios ou polo propio centro.
11. Facer unha publicación: revista ou anuario.
12. O grupo de teatro do colexio desenvolverá a súa actividade en galego.
13. Celebraranse festas populares galegas que realcen a nosa lingua e cultura: Magosto, Entroido, Día das Letras Galegas...
14. As principais celebracións relixiosas do centro desenvolveranse en galego.

#### **4.3.2.5 DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

##### **¿QUE PRETENDEMOS?**

1. Fomentar actividades deportivas, culturais e artísticas.
2. Informar a toda a comunidade escolar das actividades extraescolares.
3. Aumentar a participación do número de alumnos nas competicións escolares.
4. Aprender a convivir cos compañeiros nun ámbito diferente ó da clase.
5. Mellorar o funcionamento das actividades extraescolares.
6. Ofrecer un servizo complementario ós pais dos alumnos.
7. Buscar actividades novas para ofrecerllas ós alumnos.

##### **¿COMO O FACEMOS?**

1. Búsqueda de monitores especializados.
2. Reunións periódicas cos monitores.
3. Campañas de captación para a realización das actividades.
4. Programación anual das actividades.
5. Participación nas competicións escolares.
6. Adestramentos e clases semanais.
7. Renovación e mantemento do material.

#### **4.3.3. OUTROS ÓRGANOS:**

- a) Asesor Técnico Colexiado
- b) Equipo de Actividades complementaria e extraescolares.

#### **4.4. ORGANIZACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA.**

Hai un Secretario que traballa a tempo parcial no Colexio como profesor e un xerente con xornada completa.

#### **4.5. ORGANIZACIÓN DOS PAIS.**

Os pais dos alumnos organízanse, dun xeito voluntario, como A.M.P.A. e ten os seus Estatutos visados polo Goberno Civil o 5 de agosto de 1.987. Están inscritos no Rexistro Provincial de Asociacións co número 112 e no Rexistro Nacional co número 16.035 da Sección Primeira.

Ademais hai catro pais de familia que forman parte do Consello Escolar do

Centro.

#### **4.6. ORGANIZACIÓN DE ALUMNOS.**

Os alumnos, en cada clase, elixen, de entre eles, un Delegado e un Subdelegado de clase. Os Delegados e Subdelegados da Secundaria presentan ao xefe de estudos unha avaliación da súa clase nos seus distintos aspectos, agás no de calificacións.

Os delegados e Subdelegados forman a Xunta de delegados que se reúnen unha vez por trimestre para tratar actividades e aspectos de disciplina e funcionamento.

Ademais Tres alumnos da E.S.O. forman parte do Equipo de Normalización Lingüística.

Tamén hai dous alumnos da E.S.O. que forman parte do Consello Escolar do Centro.

O presente P.E.C. presentouse ao Claustro de Profesores na reunión do día 23 de marzo de 2006 e aprobada por    votos a favor,    votos en contra e    en branco, para constancia do cal, asinan a continuación.

O presente P.E.C. presentouse ao Consello Escolar do Centro na reunión do día 21 de outubro de 2002 e aprobada por    votos a favor,    votos en contra e abstencións, para constancia do cal, asinan a continuación.

Polos profesores

Polos pais de familia

Polos alumnos

Pola titularidade

Polo personal non docente

O Director

## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
0. HISTORIA DO COLEXIO.	2
1. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR.	3
1.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.	3
1.2. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS.	3
1.3. OFERTAS EDUCATIVAS.	4
1.4. DESCRIPCIÓN DO ENTORNO.	4
1.5. ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICO DAS FAMILIAS.	5
1.6. DIAGNÓSTICO SOCIO-CULTURAL DAS FAMILIAS.	5
1.7. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.	6
1.8. PROXECCIÓN DO CENTRO NO ENTORNO.	6
2. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE DO CENTRO.	7
2.1. ELEMENTOS PERSONAIS.	7
2.2. RASGOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.	8
2.2.1. IDENTIDADE DA ESCOLA CALASANCIA.	8
2.2.2. A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA. LIÑA METODOLÓXICA.	8
2.2.3. A COMUNIDADE EDUCATIVA. CLIMA ESCOLAR.	9
2.2.4. VALORES E ACTITUDES QUE ORIENTAN A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA.	9
2.3. LINGUA DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE.	9
3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.	11
3.1. FINS E PRINCIPIOS DA EDUCACIÓN.	11
3.2. POLÍTICA EDUCATIVA DEL CENTRO.	12
3.3. OBXECTIVOS A NIVEL DA APRENDIZAXE.	13
3.4. TRATAMENTO DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.	14
3.5. RELACIÓN PROFESOR-ALUMNO.	14
3.6 PARTICIPACIÓN DOS PAIS NO PROCESO EDUCATIVO.	15
3.7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO.	15
3.8. CRITERIOS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.	16
4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.	17
4.1. ORGANIGRAMA.	18
4.2. ORGANOS DE GOBERNO	19
4.2.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS.	19
4.2.2. ÓRGANOS COLEXIADOS:	20
4.2.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN ESCOLAR:	21
4.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.	21
4.3.1. O CLAUSTRO DE PROFESORES:	21
4.3.2. DEPARTAMENTOS ESCOLARES	22
4.3.2.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:	22
4.3.2.2. DEPARTAMENTO DE ACCIÓN SOCIAL.	23
4.3.2.3. DEPARTAMENTO DE PASTORAL E E.R.E.	23
4.3.3.4. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	24
4.3.3.5 DEPARTAMENTO DEACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.	25
4.3.4. OUTROS ÓRGANOS.	25
4.4. ORGANIZACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA.	25
4.5. ORGANIZACIÓN DOS PAIS.	26
4.6. ORGANIZACIÓN DE ALUMNOS.	26
Acta de aprobación do P.E.C. polo Claustro de profesores.	27
Acta de aprobación do P.E.C. polo Consello Escolar.	28
Índice.	29